

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Resolución do 30 de agosto de 2010, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fai pública a adxudicación definitiva de destinos provisionais para o curso 2010-2011.

Advertidos erros na devandita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 172, do 7 de setembro, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 15.565, onde di: «Fernández Pérez Teresa, CEIP de Leirado, en Salvaterra de Miño», debe dicir: «CEIP de Corvillón, en Cambados».

Anuncio do 12 de novembro de 2010, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a publicación das puntuacións provisionais e a relación de excluídos do baremo aberto polo Anuncio do 14 de outubro de 2010, polo que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidades de danza española (594035), danza clásica (594036) e danza contemporánea (594037).

Finalizado o prazo para presentar a solicitude e realizada a baremación dos méritos, procede a publicación das puntuacións provisionais e a relación de excluídos no taboleiro de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos seus departamentos territoriais e na páxina web desta consellería.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Facer públicas na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos seus departamentos territoriais e na páxina web desta consellería (<http://www.edu.xunta.es/substitutoslistas/> -baremo listas abertas) as puntuacións provisionais e a relación de excluídos do baremo para prazas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de música e artes escénicas, especialidades de danza española (594035), danza clásica (594036) e danza contemporánea (594037).

Segundo.-Publicar a relación de excluídos no anexo deste anuncio.

Terceiro.-Contra estas puntuacións provisionais poderá interpoñerse reclamación no prazo de dez días naturais, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG, ante o director xeral de

Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2010.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

ANEXO

Apelidos e nome	DNI	Especialidade	Causa
Sanles Martínez, Almudena	53180715T	594035	3
Sanles Martínez, Almudena	53180715T	594036	3
Sanles Martínez, Almudena	53180715T	594037	1, 3
Eijo Bazarra, Silvia V.	76941162K	594037	2
Eijo Bazarra, Silvia V.	76941162K	594037	1, 3
Roqueiro Rey, Camino	36143383X	594036	3
Varela Díaz, Patricia	34970981X	594037	4
Jácume Salgado, Cristina	34896455G	594036	5
Vázquez Gómez, Alba	47381164Z	594036	2
Vázquez Gómez, Alba	47381164Z	594037	2
Mallo Domínguez, Almudena	53177825P	594036	2
González Castro, Susana	36140526H	594036	3
González Castro, Susana	36140526H	594037	3
Pestaña Coria, Beatriz Alejandra	07222377D	594035	4
Piñeiro Millares, Iago	33539874D	0	6

1. Titulación inadecuada, non xustifica experiencia na especialidade.
2. Titulación inadecuada.
3. Falta xustificante de nivel de equivalencia de titulación para os efectos de docencia.
4. Non presentou titulación.
5. Solicitude presentada fóra de prazo.
6. Corpo e disciplina non convocados.

INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA

Resolución do 11 de novembro de 2010 pola que se nomean os membros do tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo para o ingreso no cadro de persoal laboral fixo (conductor), pola quenda de acceso libre, deste instituto.

Unha vez convocado o proceso selectivo para o ingreso no cadro de persoal laboral fixo do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar), pola quenda de acceso libre (oficiais de 2ª, grupo IV-conductor), por resolución da presidenta do Intecmar, do 12 de maio de 2010, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 96, do 24 de maio, e de conformidade co establecido nas bases da convocatoria, esta presidencia

DISPÓN:

Nomear o tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo para o ingreso no cadro de persoal laboral fixo do Intecmar, pola quenda de acceso libre (grupo IV-conductor), coa composición que se relaciona no anexo.

Vilaxoán, 11 de novembro de 2010.

Rosa Mª Quintana Carballo
Presidenta do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia

*ANEXO***Oficiais de 2ª do cadro de persoal laboral fixo do Intecmar (grupo IV)**

Tribunal titular:

Presidencia: Emiliano Cacho Barrio.

Secretaría: Carmen de Benito Caula.

Vogais:

-Sonia Lorenzo Santos.

-Francisco Javier Briz Domínguez.

-José Luis Meijueiro Tilve.

Tribunal suplente:

Presidencia: José Francisco Alonso Picón.

Secretaría: Ramón Damián Fernández Conchas.

Vogais:

-Aurora Vázquez del Río.

-Jaime Vázquez Canosa.

-Adela Ascensión López Gómez.

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA NÚMERO CATRO DE VIGO***Edicto (346/2009).*

Vigo, oito de febreiro de dous mil dez.

Ángel Gómez Santos, secretario do Xulgado de Primeira Instancia número catro de Vigo, fago saber que neste procedemento foi ditada sentenza cuxo encabezamento e parte dispositiva se reproducen integramente e que son do teor literal seguinte:

«Sentenza nº 117/2009.

Vigo, 30 de xuño de 2009.

Visto por min, Margarita Sierra Serrano, maxistrada-xuíza do Xulgado de Primeira Instancia número catro de Vigo, estes autos de xuízo verbal seguidos neste xulgado co número 346/2009, sobre reclamación de cantidade, promovidos pola comunidade de propietarios do edificio sito na avenida de Castelao nº 13 de Vigo, representada polo procurador Alberto Vidal Ruibal e asistida polo letrado Carlos Coladas-Guzmán Larraya, contra Ana Rosa González Martínez, en situación de rebeldía, atendendo aos seguintes (...).

Decisión.

Con estimación da demanda interposta polo procurador Alberto Vidal Ruibal, en nome e representación

da comunidade de propietarios do edificio sito na avenida de Castelao, nº 13, Vigo, debo condenar e condeno a Ana Rosa González Martínez, en situación de rebeldía, a pagar á demandante a cantidade de dous mil oitocentos noventa e nove euros e sesenta e seis céntimos de euro (2.899,66 euros) que producirá, desde a data desta sentenza ata o pagamento, un xuro anual igual ao legal do diñeiro incrementado en dous puntos, ben como ao pagamento das custas.

Notifíquese esta sentenza ás partes e fágaselles saber que non é firme e que contra ela cabe recurso de apelación, que, se for o caso, se deberá preparar ante este xulgado no prazo dos cinco días seguintes ao da súa notificación, sendo competente para o resolver a Audiencia Provincial de Pontevedra.

Así o pronuncio, mando e asino por esta miña sentenza, da cal se expedirá testemuño para o incorporar ás actuacións».

Expídese este edicto a fin de que sirva de notificación a Ana Rosa González Martínez, declarada en situación de rebeldía e actualmente en paradiro descoñecido.

Ángel Gómez Soutos
Secretario xudicial

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO DOUS DE ORDES*Edicto (35/2010).*

No xuízo ordinario que se segue no Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número dous de Ordes (A Coruña) por instancia de *Santander Consumer EFC, S.A.*, contra Tomás Matías Vargas Olveira e Verónica Esther Combe, ditouse sentenza o 1 de setembro de 2010, cuxa resolución é do teor literal seguinte:

«Que, estimando integramente a demanda presentada polo procurador sr. Paz Montero, en nome e representación de *Santander Consumer EFC, S.A.*, fronte a Tomás Matías Vargas Olveira e Verónica Esther Combe, debo condenar e condeno a estes (solidariamente) a que lle aboen a aquel a cantidade de vinte e tres mil cento corenta e tres euros con cincuenta e sete céntimos de euro (23.143,57 euros) máis os xuros pactados

Impóñense as custas procesuais aos demandados.

Esta resolución non é firme e fronte a ela poderase interpoñer, por escrito, ante este xulgado, dentro dos cinco días seguintes ao da súa notificación, recurso de apelación ante a Audiencia Provincial da Coruña.

Todo o que pretenda interpoñer recurso contra sentenzas ou outros que poñan fin ao proceso ou